

ACTA NÚMERO: 28/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 24 DE XULLO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 9 horas e 30 minutos do día 24 de xullo de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 17 de xullo de 2025 (Reunión 27/2025).
2. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación de fachada en edificio comedor, no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)". (Expte.- 2024075884).
3. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior". (Expte.- 2022070370).
4. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior". (Expte.- 2022070370).
5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando Food Trucks. (Expte.- 2024084008).
6. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando Food Trucks. (Expte.- 2024084008).
7. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino". (Expte.- 2024017600).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino". (Expte.- 2024017600).
9. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025020646).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 17 de xullo de 2025 (Reunión 27/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 17 de xullo de 2025 (Reunión 27/2025).

2. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación de fachada en edificio comedor, no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)". (Expte.- 2024075884).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025005489 de data 26 de xuño de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Adecuación de fachada en edificio comedor, no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentou oferta a seguinte empresa:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.



Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO		
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	51.567,14 €	3,00%	36 MESES

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"			
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	TOTAL
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	24,08	10,00	10,00	44,08

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da única oferta admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Adecuación de fachada en edificio comedor, no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)"* que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	44,08

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Adecuación de fachada en edificio comedor, no Centro*



Vacacional da Lanzada (O Grove” á empresa, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (CIF B36816189) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado51.567,14 €

IVE (21%) 10.829,10 €

Importe Total62.396,24 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3746) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.578,36 €

3. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior". (Expte.-2022070370).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno do día 16 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración da *"Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior"*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 20 de maio de 2025, aparecendo publicado no DOUE (Anuncio de licitación 325741-2025) e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público), con data 21 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 26 de xuño de 2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondente a documentación administrativa deste procedemento aberto, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. (C.I.F. B94129368)



- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (C.I.F. B70003199).
- SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064).
- SIELVIGO, S.L. (C.I.F. B36823227).
- UTE IMESAPI-TECNORED (C.I.F. A28010478 – A15035413).

A Mesa de Contratación na reunión do día 26 de xuño de 2025 tamén procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondente á documentación técnica aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida subministración, remitíndose dita documentación ó servizo de Arquitectura para á súa valoración.

A Xefa do Servizo de Arquitectura, María del Carmen Gómez Manzano e o Enxeñeiro Técnico Industrial, Antonio Giráldez Cruz, con data 17 de xullo de 2025, emitiron informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	DESEÑO ESTÉTICO E ADAPTABILIDADE Á CONTORNA	CALIDADE E EFICIENCIA DAS LUMINARIAS	PUNTUACION SOBRE "B"
UTE IMESAPI-TECNORED	12,00	16,00	16,00	44,00
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	10,00	16,00	16,00	42,00
SIELVIGO, S.L.	10,00	16,00	16,00	42,00
SETGA, S.L.U.	8,00	14,00	15,00	37,00
MONTAXES ELÉCTRICAS NOROESTE, S.L.	4,00	16,00	16,00	36,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura, María del Carmen Gómez Manzano e polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Antonio Giráldez Cruz, con data 17 de xullo de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da *“Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”*.

4. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”. (Expte.- 2022070370).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación da



subministración da "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior", sendo a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
UTE IMESAPI-TECNORED	44,00
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	42,00
SIELVIGO, S.L.	42,00
SETGA, S.L.U.	37,00
MONTAXES ELÉCTRICAS NOROESTE, S.L.	36,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (23,000 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. (C.I.F. B94129368)

Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	1.648.286,34 €
IVE (21%)	346.140,13 €
Importe total, IVE engadido	1.994.426,47 €

- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (C.I.F. B70003199).

Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	1.394.000,00 €
IVE (21%)	292.740,00 €
Importe total, IVE engadido	1.686.740,00 €

- SETGA, S.L.U. (C.I.F. B36699064).

Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	1.375.000,00 €
IVE (21%)	288.750,00 €
Importe total, IVE engadido	1.663.750,00 €



- SIELVIGO, S.L. (C.I.F. B36823227).

Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	1.624.630,61 €
IVE (21%)	341.172,43 €
Importe total, IVE engadido	1.965.803,04 €

- UTE IMESAPI-TECNORED (C.I.F. A28010478 – A15035413).

Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	1.622.972,83 €
IVE (21%)	340.824,29 €
Importe total, IVE engadido	1.963.797,12 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando Food Trucks. (Expte.-2024084008).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno do día 16 de maio de 2025 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da *"campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks"*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 19 de maio de 2025, publicándose no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 19 de xuño de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e a continuación á apertura do sobre B que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas que participan no procedemento:

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)
- MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)



- SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803)

Do mesmo xeito, acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presentaron as empresas admitidas aos técnicos do Servizo de Turismo Rías Baixas co obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, con data 18 de xullo de 2025 e con CSV: LDKTFLUCSIU4BYZQ, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	JOSE FAJARDO, S.L.	MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ	SILMAN 97, S.L.U.
Proposta das food trucks	Calidade do deseño do vehículo	5,000	1,000	1,000	5,000
	Deseño da equipamento/vestiario do persoal de traballo	5,000	2,500	2,500	5,000
	Proposta das rutas	5,000	4,500	4,500	5,000
	TOTAL	15,000	8,000	8,000	15,000
Desenvolvemento da actividade	Adecuación da proposta de horario	5,000	5,000	5,000	5,000
	Localización no municipio	5,000	5,000	5,000	5,000
	TOTAL	10,000	10,000	10,000	10,000
Proposta do menú	Adecuación do menú ás festas gastronómicas propostas	8,000	8,000	7,000	8,000
	A calidade do produto	7,000	6,000	6,000	7,000
	TOTAL	15,000	14,000	13,000	15,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”		40,000	32,000	31,000	40,000

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Prestar conformidade as citadas puntuacións.
- 2) Que se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentadas polas empresas JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187), MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D) e SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803) ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

6. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando Food Trucks. (Expte.- 2024084008).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas no procedemento, sendo a seguinte:



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	JOSE FAJARDO, S.L.	MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ	SILMAN 97, S.L.U.
Proposta das food trucks	Calidade do deseño do vehículo	5,000	1,000	1,000	5,000
	Deseño da equipamento/vestiario persoal de traballo	5,000	2,500	2,500	5,000
	Proposta das rutas	5,000	4,500	4,500	5,000
	TOTAL	15,000	8,000	8,000	15,000
Desenvolvemento da actividade	Adecuación da proposta de horario	5,000	5,000	5,000	5,000
	Localización no municipio	5,000	5,000	5,000	5,000
	TOTAL	10,000	10,000	10,000	10,000
Proposta do menú	Adecuación do menú ás festas gastronómicas propostas	8,000	8,000	7,000	8,000
	A calidade do produto	7,000	6,000	6,000	7,000
	TOTAL	15,000	14,000	13,000	15,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"		40,000	32,000	31,000	40,000

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas (20,000 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)

1. Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	210.209,19 €
IVE (21%)	44.143,92 €
Importe total, IVE engadido	254.353,09 €

2. Incremento do número mínimo de cociñeiros/as:

Incremento do número mínimo de cociñeiros/as con respecto ao mínimo requirido (o número mínimo de cociñeiros é 3)	3
---	---

MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)



1. Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	216.044,37 €
IVE (21%)	45.369,32 €
Importe total, IVE engadido	261.413,69 €

2. Incremento do número mínimo de cociñeiros/as:

Incremento do número mínimo de cociñeiros/as con respecto ao mínimo requirido (o número mínimo de cociñeiros é 3)	2
---	---

SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803)**1. Prezo ofertado:**

Importe total, sen o IVE	224.000,00 €
IVE (21%)	47.040,00 €
Importe total, IVE engadido	271.040,00 €

2. Incremento do número mínimo de cociñeiros/as:

Incremento do número mínimo de cociñeiros/as con respecto ao mínimo requirido (o número mínimo de cociñeiros é 3)	0
---	---

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino". (Expte.- 2024017600).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 04/07/2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do



servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/07/2025. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- AMAZING UP – INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281)
- LUX XPERIENCE, S.L. (B05485081)
- TOURISTINIVACIÓN360, S.L. (B42580233)

8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino". (Expte.-2024017600).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez realizada a apertura dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino, procédese á apertura dos sobres "B", correspondentes coas ofertas avaliables mediante xuízos de valor, das empresas que resultaron admitidas no procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas que resultaron admitidas no procedemento.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas.

9. *Apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025020646).*

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2025005728 de data 4/07/2025 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra.

Con data 7/07/2025, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de PLACE, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentouse a seguinte empresa:



✓ SOLITIUM S.L. (B50570571)

Os valores ofertados por SOLITIUM S.L. foron os seguintes:

-
- Importe sen o IVE: 61.896,17 €
- IVE (21 %):12.998,20 €
- Importe total ofertado:74.894,37 €

E co detalle dos equipos ofertados para comprobación e fichas técnicas que figuran no expediente CIVIDAS co csv 6LC6T24ZEK4O49I2.

En relación coa valoración dos requisitos técnicos presentados pola empresa Solitium o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, informa que revisados os requisitos técnicos da oferta presentada por Solitium, estes cumpren co solicitado no prego de prescripcóns técnicas.

Feitas as valoración de conformidade cos criterios establecidos no prego administrativo, a puntuación acadada pola empresa SOLITIUM S.L. é a seguinte: 31,551 puntos.

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa SOLITIUM S.L no procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	SOLITIUM S.L.	31,551 pto

2. Propor ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa SOLITIUM S.L., que alcanzou a puntuación de 31,551 puntos

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 LCSP:

1.- Documentación que acredite a:

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da



empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

☒ Relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou o destinatario, público ou privado, e se precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, acompañado dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato.

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos tres últimos anos, considerárase como data de inicio ou “dies ad quo” o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

2. Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por valor de 3.094,80 €.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

